



**FEDERACION GALEGA DE BILLAR**

NIF: G. 36.680.122

Luis Ksado, 17 - Of. 19  
TELF. y FAX : 986 29 06 66  
36209 VIGO



XUNTA  
DE GALICIA



## **REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR**

### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Billar, co rango de regulamento, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, expresamente contemplado no artigo 5.1. h) da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, do 2 de abril.

2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Billar e ás persoas integradas ou que desexan integrarse na mesma.

3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da Federación Galega de Billar

### **Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas**

1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros da Federación Galega de Billar.

A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos.

O principal dereito que conleva é ser membro elector e elixible na Asemblea Xeral da Federación.

Para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais, será preciso estar en posesión dunha licenza en vigor tramitada pola F. G. B., de acordo coas seguintes condicións mínimas:

- a) É requisito imprescindible, para poder obter unha Licenza Federativa, pertencer a un Club deportivo, o sección Deportiva de las previstas en el Art. 50 de la Lei do Deporte que estea dado de alta na Federación e ao corrente do pago das cotas correspondentes.
- b) As licenzas teñen prezos uniformes para todas as modalidades deportivas, o importe será fixado pola Asemblea Xeral, de acordo con cada estamento e categoría.
- c) O contido das licenzas será así mesmo uniforme para as distintas categorías deportivas.
- d) O titular da licenza perderá a condición de Federado, por non ter actualizada a súa Licenza Federativa ou por sanción disciplinaria que conleve a perda da condición de federado.

2.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Billar, previa a correspondente **homologación** na R.F.E.B., habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito nacional e internacional.

### **Artigo 3.- Clases de licenzas por estamentos.**

1.- As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos:

- a) Entidades deportivas
- b) Deportistas.
- c) Adestradores-técnicos.
- d) Xuíces-árbitros.

### **Artigo 4.- Prohibicións e incompatibilidades**

1.- Non poderá emitirse licenza a quen estea cumprindo calquera sanción disciplinaria ou penal de privación de licenza ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica.

2.- Non se emitirá licenza a persoa algunha que teña licenza federativa en vigor por outra Federación Autónoma de billar.

3.- Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o cumprimento da sanción correspondente.

## **Artigo 5.- Estranxeiros.**

1.- Poderán obter licenza os estranxeiros non comunitarios con polo menos, un ano, de residencia legal en España.

2.- Tratándose de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a Federación Internacional de Billar para a protección dos menores, bastará coa acreditación do seu empadramento nun municipio da Comunidade Galega, dentro dos tres meses anteriores á solicitude.

## **Artigo 6.- Duración.**

1.- A tempada deportiva desta Federación Galega de Billar comeza o 1 de setembro e finaliza o 31 de agosto. Por tanto as licenzas expirarán coa finalización da tempada deportiva, é dicir o 31 de agosto.

## **Artigo 7.- Licenzas de entidades deportivas.**

Poderán obter licenza de entidade deportiva aqueles clubs ou seccións deportivas debidamente rexistradas para a práctica do billar no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

## **Artigo 8.- Licenzas de deportistas**

1.- Licenzas de Xogadores

2.- Licenzas de Xuíces-Árbitros (*Previa presentación da correspondente titulación*)

3.- Licenzas de Técnicos-Adestradores (*Previa presentación da correspondente titulación*)

### ***No caso dos Técnicos-Adestradores .-***

*Tratándose de técnicos cuxa actividade implique contacto habitual con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por delitos de natureza sexual mediante certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais que deberá presentarse na Federación xunto coa solicitude.*

As licenzas de xogadores divídense nas seguintes categorías de idade:

- a) Infantil: (de 1 a 17 anos) (Que non teñan 17 o 1º de setembro)
- b) Júnior: (de 17 a 21 anos) (Que non teñan 21 o 1º de setembro)
- c) Sénior/Absoluto (máis de 21 anos)

## **Artigo 9.- Aseguramento de accidentes deportivos.**

1.- A expedición de calquera licenza federativa conleva a obriga de subscribir un seguro que garanta a indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento e a asistencia sanitaria derivadas de accidente deportivo.

2.- Devandito seguro será subscrito pola Federación Galega de billar en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

## **Artigo 10.- Función de expedición de licenzas.**

1.- A Federación Galega de billar na súa condición de delegada no exercicio desta función pública de carácter administrativo, é competente, en réxime de exclusividade, para emitir e tramitar licenzas federativas de billar na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2.- A Federación Galega de Billar exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou substitución algunha sen autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a súa expedición a canto solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- A Federación Galega de Billar informará a calquera interesado sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

## **Artigo 11.- Tramitación e emisión de licenzas.**

1.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase o 1 de setembro e conclúe o 31 de agosto.

2.- As solicitudes de licenzas de entidades deportivas deberán ser feita obrigatoriamente pola entidade interesada.

3.- As solicitudes de licenza de deportista deberán ser obrigatoriamente formuladas polo interesado ou os seus representantes legais a través do Club, por medio dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Billar, acompañando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude e que sexan necesarios para acreditar os requisitos para obter a licenza.

4.- A solicitude por parte dun deportista, dentro de una mesma tempada, dunha nova licenza deportiva (por cambio de Club), conleva o pago do importe da mesma.

5.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerza a súa representación legal.

6.- A tramitación das solicitudes compételle ao persoal da Federación.

7.- Calquera solicitude que adoecese de algún requisito emendable dará lugar ao requirimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos `preceptivos. Se o interesado mo emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

8.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle ao Presidente da Federación.

9.- As solicitudes de licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivadamente, no prazo máximo dun mes para contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formulada.

10.- O cómputo do prazo referido no parágrafo anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

11.- Calquera solicitude de licenzas entenderase outorgada se non se notifica resolución expresa no referido prazo máximo indicado no apartado noveno do presente artigo.

12.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes.

## **Artigo 12.- Anulación de licenzas.**

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

- a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
- b) Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, nese caso será anulada a licenza máis recente.
- c) Incorrer en incompatibilidade entre dúas ou máis licenzas de acordo co previsto no presente regulamento.

d) No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtelas, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle ao federado un prazo de 30 días para dar cumprimento aos requisitos que non reunía.

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación, que correrá a cargo do persoal federativo, deberá garantirse a audiencia do interesado por un período de catro días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a eficacia da licenza compételle ao Presidente da Federación e fronte á mesma cabra recurso #ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dunha mes.

### **Artigo 13.- Protección de datos persoais.**

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal.

2.- A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan esta materia.

### **Artigo 14.- Importe das licenzas**

O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Billar.

### **Artigo 15.- Contido das licenzas**

1.- O formato das licenzas federativas é o recolleito no Anexo II do presente regulamento.

2.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos, deberán consignarse claramente os seguintes datos:

- a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Billar
- b) Duración da licenza.
- c) Nome e apelidos da persoa titular.
- d) Data de nacemento
- e) Número do D.N.I.
- f) Categoría e estamento.
- g) Club ao que pertence
- h) Datos do seguro obrigatorio de asistencia sanitaria.

*(Tratándose de deportistas en idade escolar, no caso de que o importe do seguro sexa subscrito pola Xunta de Galicia, na licenza deberá figurar expresamente que o seguro deportivo é abonado integramente pola Xunta de Galicia.)*

### Disposición Final.- Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica.

### Disposición Final Segunda.- Vixencia do Regulamento

Este regulamento estará vixente por tempo indefinido, ata o seu derogación por imperativo legal ou por substitución doutro posterior. aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Billar e autorizado pola Administración Deportiva Autonómica.

### ANEXO I y II

 <b>FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR</b> <b>LICENZA GALEGA</b> TEMPADA 2021-2022	 XUNTA DE GALICIA DEPORTE GALEGO	Solicitando libre e persoalmente a súa licenza federativa vostede consente explícita e inequivocamente co tratamento dos seus datos persoais. Discordo co Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos Informáxicos que todos os datos facilitados para a tramitación da licenza federativa incorporáranse as Actividades de Tratamento titularizadas de FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR con CIF número G 36.680.122 e domicilio social en C/ Fotógrafo Luis Kardo nº 11, 1ª planta, oficina 5, 36.203, Vigo (Pontevedra). Coa finalidade de xestionar as licenzas federativas e para remitir información xeral sobre os servizos, promocións e actividades relacionadas cos fins recollidos nos Estatutos Federativos. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que o identifique dirixido á dirección arriba indicada. Así mesmo, y de igual xeito, pode revocar o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Ley 34/2002. Declaro que entendo e acepto a Política de Privacidade do sitio web <a href="http://www.fegabi.es">www.fegabi.es</a>
Nº Licenza:	<b>74.005</b>	
Nacido el:	<b>18/01/197.</b>	
D.N.I.:	<b>32.813.349</b>	
Club:	<b>BILLAR POOL CORUÑA</b>	
Nome:	<b>CARLOS JOSE BLANCO SAAVEDRA</b>	
Importe:	10,00 € (Incluído Seguro Allianz 36266592)	
		Seguros ALLIANZ Póliza Nº 036266592 Teléfonos contacto 913255568 - 986854462 Información na Web: <a href="http://www.fegabi.es">www.fegabi.es</a> Sección Documentación

Outubro 2021